

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 2023/10, Ordinaria REALIZADA O xoves 28 de setembro de 2023 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

Concelleiros/as:

ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (ADV)

DONA SUSANA GUIMAREY GARCÍA

DON JAVIER LENDOIRO SANTOS

DON FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA

DONA MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

DONA INMACULADA MANTIÑÁN ÍNSUA

DONA NATALIA PATIÑO CAÑAS

PARTIDO POPULAR (PP)

DON JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO

DONA CRISTINA CASAL DÍZ

DONA OSCAR BODELO GÓMEZ

DONA MARÍA ISABEL LÓPEZ PÉREZ

PARTIDO SOCIALISTA (PSDEG-PSOE)


DONA PATRICIA BLANCO FIDALGO

AUSENCIAS

DON CARLOS BARBEITO REY (PP)

INTERVENTORA:

NOEMÍ GONZÁLEZ MATO



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

SECRETARIA ACCIDENTAL:

SONIA CAMPOS ARES

HORA DE INICIO: 20:00

HORA DE REMATE: 20:23

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 20:00 do xoves 28 de setembro de 2023, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto 498/2023 e segundo acordo plenario do 29 de xuño de 2023, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnen-se en sesión 2023/10, Ordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1. Parte resolutiva da sesión

- 1.1. Aprobación da acta 9/2023 (correspondente á sesión celebrada o 1 de setembro de 2023).
- 1.2. Modificación da Base 42 das de Execución do Orzamento para 2023, que é o prorrogado de 2021, para a asignación nominativa de subvencións durante o exercicio 2023.

2. Parte da sesión de control dos demais órganos dea Corporación.

- 2.1. Dación de conta de decretos da Alcaldía dende o número 402/2023 ata o 520/2023 e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 2.2. Dación de conta dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados nas sesións celebradas o 20 de xullo, 3 de agosto, 17 de agosto e 31 de agosto.


3. Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

4. Rogos e preguntas.

1.- Parte resolutiva da sesión

- 1.1.- Aprobación da acta 9/2023 (correspondente á sesión celebrada o 1 de setembro de 2023).

O Alcalde pregunta aos concelleiros se teñen algo que dicir, sen que ningún deles faga observacións, polo que de conformidade co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais a acta considérase: APROBADA POR UNANIMIDADE.

1.2.- Modificación da Base 42 das de Execución do Orzamento para 2023, que é o prorrogado de 2021, para a asignación nominativa de subvencións durante o exercicio 2023.

O Alcalde expón a proposta que deseguido se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: *Aprobar inicialmente a modificación da base de execución nº 42 do orzamento municipal para o ano 2023, que é o prorrogado do 2021.*

Tendo en conta que o artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), en relación á concesión de subvencións nominativas sinala que :”Enténdese por subvención prevista nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado aquela na que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario figuren determinados nos estados de gastos orzamentarios. O obxecto destas subvencións deberá determinarse expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser coherente coa clasificación funcional e económica do crédito orzamentario correspondente.”


Visto que, neste senso, o artigo 19.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, establece que poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a. As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.*
- 5.** *Aquelas cuxo outorgamento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.*

Con carácter excepcional, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Visto que, conforme aos artigos sinalados, considérase requisito indispensable para a concesión de subvencións nominativas, que figuren nas Bases de Execución do Orzamento a asignación detallada das mesmas e, tendo en conta que, conforme ao sinalado na Circular 1/2019, do 27 de febreiro, do IGAE, sobre os efectos da prórroga dos Orzamentos Xerais do Estado, a concesión dunha subvención nominativa supón a aplicación dun crédito orzamentario expresamente aprobado nun exercicio orzamentario para un determinado beneficiario, por un importe máximo que se concederá, de xeito que os créditos que figuran nos estados de gastos como consecuencia da prórroga deixan de ser nominativos e deberán ser novamente establecidos.

Tendo en conta que o informe técnico redactado dende os servizos técnicos de Cultura e Deportes en data 18 de setembro de 2023 que se transcribe a continuación:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

“Carlos Lorenzo Pérez, técnico municipal de cultura e Carlos Alberto Frago Parga, técnico municipal de deportes do Concello de Carral,

Ante a proposta para a sinatura de diversos convenios de colaboración entre o Concello de Carral e diferentes asociacións culturais e deportivas con sede social na localidade, emítese o presente informe expoñendo a necesidade de ditos acordos;

Antecedentes:

2. Dende hai xa tempo o Concello de Carral ven traballando en colaboración coas diferentes entidades do ámbito deportivo e cultural, para a promoción e fomento tanto da cultura como do deporte. E por iso que nos últimos anos véñense asinado diferentes acordos de colaboración entre estas asociacións e o Concello, cunhas determinadas contrapartidas económicas.
3. Estas entidades, tanto culturais como deportivas, reúnen entorno a elas a unha gran masa social, nalgúns casos superior aos 200 socios, aos que dirixen o seu traballo e obxectivos.
4. Nos últimos anos, a colaboración descrita no primeiro punto deste informe estase a facer máis intensa motivada por novas actividades e inqedanzas destas asociacións, dos seus socios e da veciñanza.
5. Ademais, coa saída da pandemia da Covid-19, estas entidades están volvendo á retomar o seu funcionamento normal, prestando de novo os servizos aos seus socios e á veciñanza de Carral en xeral.

Coa intención de consolidar e aumentar a colaboración existente con estas entidades, propónse a sinatura de convenios específicos de colaboración nos que se recollerán certos compromisos que de forma xeral podemos agrupar no fomento e promoción da Cultura na localidade carralesa, mediante a organización de actividades, cursos, mostras, etc. que permitan achegar a diversidade cultural a veciñanza de Carral. Tamén, o fomento e promoción do deporte, en especial o deporte en idade escolar e do deporte feminino, mediante a organización e ou consolidación de escolas, campus, actividades e torneos de carácter local, comprometerse ademais a formación específica dos responsables para mellorar o proceso de ensinanza aprendizaxe.

Consideracións legais:

Por unha banda a **Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local**, establece o seguinte: No artigo 25, sobre as competencias municipais, expónse,

“2) O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades autónomas, nas seguintes materias:

- ...
- l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.
 - m) Promoción da cultura e equipamentos culturais”

Por un lado a **Lei 3/2012, Lei do Deporte de Galicia**, establece o seguinte:

No artigo 3, sobre os Principios Reitores expónse,

- ...
- d), “O impulso da participación da muller en todos os ámbitos da actividade deportiva.”
 - h), “A garantía da práctica deportiva en condicións de saúde e seguridade, para o que será necesaria a cualificación adecuada dos profesionais que a dirixen.”



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

k), “A eficacia, eficiencia, descentralización, desconcentración, coordinación, colaboración e participación das entidades públicas e privadas, e a promoción da colaboración entre o sector público e o privado co fin de garantir a máis ampla e mellor oferta deportiva.”

No artigo 4, dos Principios Xerais establécense,

...

e), “A promoción e difusión do coñecemento e do ensino do deporte, con atención especialmente á práctica deportiva en idade escolar e universitaria.”

f), “O fomento do asociacionismo deportivo.”

No artigo 8, das competencias dos municipios en materia deportiva,

1. “Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.”

2. “Promover e, de ser o caso, executar, ... , os programas xerais do deporte, coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.”

...

4. “Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso”

...

8. “Organizar campionatos e eventos deportivos de carácter local.”

No artigo 40, sobre as Entidades Deportivas,

...

2. “A Administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas nesta lei.”

Polo outro, a **Lei 38/2003, Lei Xeral de Subvencións** establece, no seu artigo 22 sobre o procedemento de concesión de subvencións, poderanse conceder de xeito directo as seguintes subvencións:

...

c) “Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.”

Tamén a **Lei 9/2007, Lei de Subvencións de Galicia**, no seu artigo 19.4 reitera:

...

c) “Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.”

Consideracións técnicas:

Dende os departamentos técnicos de cultura e deportes tivemos en conta unha serie de puntos relevantes de cara a valoración e proposta da sinatura de acordos de colaboración:

1. O Concello de Carral carece dos medios humanos e materiais necesarios para poder achegar, de forma axeitada, específica e coa calidade suficiente, os servizos deportivos e culturais á totalidade da



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

veciñanza carralesa. Por elo debemos buscar a colaboración coas entidades tanto deportivas como culturais, que nos permita abarcar, dun xeito máis específico, a un maior rango de poboación.

2. As entidades deportivas propostas para a sinatura destes convenios buscan acadar, cada unha nos seus deportes, uns obxectivos similares aos do concello de Carral, como son o fomento e a promoción do deporte e a actividade física, en especial nas idades escolares e no ámbito feminino. Organizan, participan e xestionan para elo escolas deportivas, competicións federadas (de ámbito local, autonómica, nacional e incluso internacional), actividades eu eventos de promoción, torneos e/ou competicións locais, campus deportivos, etc. Son polo tanto puntos estes que posúen un carácter de interese público e social para a cidadanía de Carral.
3. As entidades culturais propostas para a sinatura destes convenios perseguen tamén uns obxectivos similares aos do Concello de Carral; fomento e desenvolvemento da cultura e as súas diversas manifestacións que permitan ampliar a oferta para a cidadanía e propiciar o seu desenvolvemento sociocultural.

Exposto todo o anterior informo que,

Dende os servizos técnicos de Cultura e Deportes consideramos que é recomendable a sinatura dun convenio de colaboración coas entidades en baixo citadas co obxecto de afianzar, mellorar e ampliar a colaboración existente con ditas entidades, así como axudar no mantemento dos gastos propios do funcionamento e desenvolvemento das súas actividades. Estes convenios deberán ter como puntos principais os sinalados neste informe.

PROPOSTA DE CONVENIOS CON ENTIDADES DEPORTIVAS				
ENTIDADE	CIF	MODALIDA DE	OBJECTO DA AXUDA	CANTIDA DE PROPOSTA
U.D. CARRAL	G-15128671	FÚTBOL	<ul style="list-style-type: none">- Desenvolvemento de escolas fútbol base- Axuda nas competicións deportivas de ámbito local-provincial.- Organización de torneos e campus deportivos que beneficien á poboación de Carral.- Adquisición de material e equipamento para a práctica deportiva- Axuda ao transporte ás diferentes competicións.- Escolas deportivas de balonmán e fútbol sala- Etc.	8.800,00 €
CLUB PATINAXE ALQUIMIA CARRAL	G-15954332	PATINAXE	<ul style="list-style-type: none">- Axuda para a participación nas competicións deportivas (local-autonómico-nacional e internacional),- Axuda ao transporte ás diferentes competicións,- Organización de torneos e campus deportivos que beneficien á poboación de Carral,- Materiais e equipamentos deportivos.- Licencias federativas,- Etc.	1.600,00 €
CLUB XIMNASIA RÍTMICA CARRAL	G-70428602	XIMNASIA RÍTMICA	<ul style="list-style-type: none">- Axuda para a participación nas competicións deportivas (local-autonómico e nacional),- Axuda ao transporte ás diferentes competicións,- Organización de torneos e campus deportivos que beneficien á poboación de Carral,- Materiais e equipamentos deportivos.- Licencias federativas,	1.150,00 €



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)


Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

CENTRO ECUESTRE FINCA ABRIGOSA	G-70511464	HÍPICA	<ul style="list-style-type: none">- Etc.- Axuda para a participación nas competicións deportivas (local-autonómico e nacional),- Axuda ao transporte ás diferentes competicións,- Organización de torneos e campus deportivos que beneficien á poboación de Carral,- Materiais e equipamentos deportivos.- Licencias federativas,- Colaboración en diversas festividades do concello,- Etc.	1.300,00 €
CLUB DEPORTIVO ARES RACING	G-70152061	AUTOMOBILISMO	<ul style="list-style-type: none">- Axuda para a participación nas competicións deportivas (local-autonómico e nacional),- Axuda ao transporte ás diferentes competicións,- Materiais e equipamentos deportivos.- Licencias federativas,- Colaboración en diversas festividades do concello,- Charlas seguridade viaria e outras,- Etc.	1.300,00 €
CLUB BTT CARRAL	G-70452446	CICLISMO	<ul style="list-style-type: none">- Axuda para a participación nas competicións deportivas (local-autonómico),- Axuda ao transporte ás diferentes competicións,- Organización e colaboración en probas deportivas que beneficien á poboación de Carral,- Materiais e equipamentos deportivos.- Etc.	1.100,00 €
CLUB DE TIRO OLÍMPICO	G-15617491	TIRO OLÍMPICO	<ul style="list-style-type: none">- Axuda para a participación nas competicións deportivas (local-autonómico),- Axuda ao transporte ás diferentes competicións,- Organización e colaboración en probas deportivas que beneficien á poboación de Carral,- Etc.	750,00 €

PROPOSTA DE CONVENIOS CON ENTIDADES CULTURAIS

ENTIDADE	CIF	MODALIDADE	POSIBLES APORTACIÓNS-CUSTOS	CANTIDADE PROPOSTA PREVIA *
ASOCIACIÓN CULTURAL "CULTURA ABERTA"	G-15963630	CULTURA	<ul style="list-style-type: none">- Organización de actividades culturais (exposicións, chalas, obras de teatro, etc.) que beneficien á poboación de Carral,- Divulgación da Cultura entre a poboación carralesa,- Materiais e equipamentos necesarios para o desenvolvemento da súa labor.- Etc.	1.000,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL "AIRES DE CARRAL"	G-15042310	CORAL	<ul style="list-style-type: none">- Organización e participación en concertos (de corais), que beneficien á poboación de Carral,- Axuda ao transporte e participación en diferentes xuntanzas de corais de toda Galicia,- Axuda ao desenvolvemento da súa labor cultural,- Materiais e equipamentos necesarios para o desenvolvemento da súa labor,- Etc.	1.000,00 €
ASOCIACIÓN ECO – CULTURAL "LACRAR"	G-70477633	ECO- CULTURAL	<ul style="list-style-type: none">- Organización de actividades culturais (Poetry Slam, presentacións de libros, concertos...) que beneficien e divulguen a cultura entre a poboación de Carral.- Divulgación da Cultura entre a poboación carralesa.- Materiais e equipamentos necesarios para o desenvolvemento da súa labor.- Etc.	1.000,00 €
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS "NOSA SEÑORA DO	B15315260	CULTURA	<ul style="list-style-type: none">- Organización de actividades culturais (exposicións, chalas, obradoiros, ...) que beneficien á poboación de	1.000,00 €



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


SOCORRO"			Carral, - Divulgación da Cultura entre a poboación carralesa, - Materiais e equipamentos necesarios para o desenrolo da súa labor. - Etc.	
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "O RUEIRO DE TABEAIO"	G15341449	CULTURA	- Organización de actividades culturais (exposicións, chalas, obradoiros, ...) que beneficien á poboación de Carral, - Divulgación da Cultura entre a poboación carralesa, - Materiais e equipamentos necesarios para o desenrolo da súa labor. - Etc.	1.000,00 €
ASOCIACIÓN VECIÑAL, XUVENIL, SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA "RIOBARCÉS"	G-15585730	CULTURA	- Organización de actividades deportivas e culturais (ximnasia de mantemento, pilates, guitarra, risoterapia, xornadas gastronómicas...) que beneficien e divulguen a cultura e o deporte entre a poboación de Carral. - Divulgación da Cultura entre a poboación carralesa. - Materiais e equipamentos necesarios para o desenrolo da súa labor. - Etc.	1.000,00 €

PROPOSTA DE CONVENIO CON ENTIDADES CULTURAIS (FESTAS)

ENTIDADE	CIF	MODALIDADE	OBXECTO PREVISTO DA AXUDA	CANTIDA DE PROPOSTA
COMISIÓN DE FESTAS O CANEDO	G-70416383	CULTURA-FESTAS	- Axuda para a organización de actividades propias das festas patronais do lugar de O Canedo, do Concello de Carral (alumeado das rúas, concertos, actividades culturais, aluguer de materiais e equipamento, contratación de grupos, etc.).	700,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL XUVENTUDE DE TABEAIO	G-67698324	CULTURA-FESTAS	- Axuda para a organización de actividades propias das festas patronais da parroquia de Tabeaio, do Concello de Carral (alumeado das rúas, concertos, actividades culturais, aluguer de materiais e equipamento, contratación de grupos, etc.).	2.600,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL DE CAÑÁS 31 JULIO	G-70135397	CULTURA-FESTAS	- Axuda para a organización de actividades propias das festas patronais da parroquia de Cañas, do Concello de Carral (alumeado das rúas, concertos, actividades culturais, aluguer de materiais e equipamento, contratación de grupos, etc.).	2.250,00 €
SOCIEDADE CULTURAL RECREATIVA SAN VICENTE DE VIGO DE CARRAL	G-15413785	CULTURA-FESTAS	- Axuda para a organización de actividades propias das festas patronais da parroquia de San Vicente, do Concello de Carral (alumeado das rúas, concertos, actividades culturais, aluguer de materiais e equipamento, contratación de grupos, etc.).	1.100,00 €

PROPOSTA DE CONVENIO CON ENTIDADES MEDIOAMBIENTAIS

ENTIDADE	CIF	MODALIDADE	OBXECTO PREVISTO DA AXUDA	CANTIDADE PROPOSTA
ASOCIACIÓN DE CUSTODIA DO TERRITORIO DE CARRAL "BREXA"	G-70552807	MEDIOAMBIENTAL	- Desenrolo de xornadas de traballo de limpeza, desbroce e conservación do medio natural ao carón do río Brexa e da Área Recreativa da Brexa. - Colaboración e participación nas Xornadas de Limpeza Simultánea de Ríos. - Organización de obradoiros e actividades medioambientais destinadas ao alumnado do IES Carral e tamén aos participantes no Campamento de Verán do Concello .	1.200,00 €



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

			- Adquisición de material e equipamento para a realización das xornadas, obradoiros e actividades. - Custodia de terreos propiedade do Concello. - Asesoramento técnico e colaboración co Concello na posible organización de actividades ou actuacións medioambientais.	
ASOCIACIÓN SALVEMOS O VAL DE BARCIA E O MONTE XALO	G-09961780	MEDIOAMBIENTAL	- Organización de charlas informativas sobre a implantación dos Parques Eólicos. - Organización de actividades, mercadoños, concertos... - Adquisición de material e equipamento para a realización das xornadas, obradoiros e actividades.	1.200,00 €

Tendo en conta que o informe técnico redactado pola técnica de Medio Ambiente que se transcribe a continuación:

“María José Couto López, técnico de medio ambiente do Concello de Carral,

Ante a proposta para a sinatura de diversos convenios de colaboración entre o Concello de Carral e diferentes asociacións medioambientais con sede social na localidade, emítase o presente informe expoñendo a necesidade de ditos acordos;

Antecedentes:


6. O Concello de Carral ven traballando en colaboración coas diferentes entidades do ámbito medioambiental, para o fomento do coidado e o respecto polo medio ambiente. É por iso que, nos últimos anos véñense asinado diferentes acordos de colaboración entre estas asociacións e o Concello, cunhas determinadas contrapartidas económicas.
7. Estas entidades, medioambientais, reúnen entorno a elas a unha gran masa social á que dirixen o seu traballo e obxectivos.
8. Nos últimos anos, a colaboración descrita no primeiro punto deste informe estase a facer máis intensa motivada por novas actividades e inxerencias destas asociacións, dos seus socios e da veciñanza.
9. Ademais, coa pandemia do Covid-19, púxose de manifesto a importancia do coidado do medio ambiente e do traballo da sociedade en conxunto e, polo tanto, o importante traballo que estas asociacións fan neste sentido e que tras o paro obrigado polo crise sanitaria actualmente están retomando a súa actividade.
10. Coa intención de consolidar e aumentar a colaboración existente con estas entidades, propónse a sinatura de convenios específicos de colaboración nos que se recollerán certos compromisos que de forma xeral implican o aumento da concienciación ambiental dos cidadáns como paso para unha mellor calidade de vida.

Consideracións legais:

Por unha banda a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece o seguinte: No artigo 25, sobre as competencias municipais, exponse,

“2) O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades autónomas, nas seguintes materias:

...



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- l) b) Medio ambiente urbano: en particular, parques y jardines públicos, gestión de los residuos sólidos urbanos y protección contra la contaminación acústica, lumínica y atmosférica en las zonas urbanas
- j) Protección de la salubridad pública

Por un lado, a **CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA** no seu artigo 45 establece que:

- 1.- Todos teñen o dereito a desfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa así como o deber de conservalo
- 2.- Os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose da indispensable solidariedade colectiva

Polo outro, a **Lei 38/2003, Lei Xeral de Subvencións** establece, no seu artigo 22 sobre o procedemento de concesión de subvencións, poderanse conceder de xeito directo as seguintes subvencións:

- ...
- c) “Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.”

Tamén a **Lei 9/2007, Lei de Subvencións de Galicia**, no seu artigo 19.4 reitera:

- ...
- c) “Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.”

Consideracións técnicas:

Dende o departamento de medio ambiente tivemos en conta unha serie de puntos relevantes de cara a valoración e proposta da sinatura de acordos de colaboración:


4. O Concello de Carral carece dos medios humanos e materiais necesarios para poder realizar, de forma axeitada, específica e coa calidade suficiente, as actividades necesarias de concienciación ambiental e coidado do medio ambiente. Por elo debemos buscar a colaboración coas entidades tanto deportivas como culturais, que nos permita abarcar, dun xeito máis específico, a un maior rango de poboación.
5. As entidades medioambientais propostas para a sinatura do convenio teñen uns obxectivos comúns aos do Concello

Exposto todo o anterior informo que,

Dende os servizos de medio ambiente consideramos que é recomendable a sinatura dun convenio de colaboración coas entidades embaixo citadas co obxecto de afianzar, mellorar e ampliar a colaboración existente con ditas entidades, así como axudar no mantemento dos gastos propios do funcionamento e desenrolo das súas actividades. Estes convenios deberán ter como puntos principais os sinalados neste informe.

PROPOSTA DE CONVENIO CON ENTIDADES MEDIOAMBIENTAIS

ENTIDAD E	CIF	MODALIDA DE	OBJECTO PREVISTO DA AXUDA	CANTID ADE
-----------	-----	-------------	---------------------------	------------




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

			PROPOSTA	
ASOCIACIÓN DE CUSTODIA DO TERRITORIO DE CARRAL "BREXA"	G-70552807	MEDIOAMBIENTAL	<ul style="list-style-type: none">-Posta en marcha de recuperación de especies vulnerables no Rego do Picho (Beira) e na Costa da Égoa, principalmente as especies de musgos e fentos <i>schistostega pennata</i> e <i>leptogramma pozoi</i>.-Xornadas de traballo de limpeza, desbroce e conservación do medio natural no entorno do río Brexa.- Colaboración e participación nas xornadas de Móllete polos Ríos, consistente en limpeza e retirada de residuos dos ríos e divulgación ambiental.-Organización de obradoiros e actividades medioambientais destinadas ao alumnado do IES Carral: plantación de árbores, sensibilización e divulgación medioambiental.-Adquisición de material e equipamento para a realización das xornadas, obradoiros e actividades- Colaboración con diferentes plataformas locais e comarcais para a realización de mostraxes de fauna e flora.-Asesoramento técnico e colaboración co Concello na posible organización de actividades ou actuacións medioambientais.	1.200,00 €
ASOCIACIÓN SALVEMOS O VAL DE BARCIA E O MONTE XALO	G-09961780	MEDIOAMBIENTAL	<ul style="list-style-type: none">- Organización de actividades para identificar, rexistrar ou por en valor o patrimonio cultural (material ou inmaterial), patrimonio arqueolóxico, patrimonio paisaxístico e hábitats naturais (flora, fauna, hídricos etc) do Val de Barcia e o Monte Xalo.-Organización de actividades, andainas, mercadiños, concertos e outras actividades de sensibilización sobre os valores ambientais, paisaxísticos e culturais do Val de Barcia e o Monte Xalo.-Adquisición de material e equipamento para a realización das xornadas, obradoiros e actividades.-Difusión das actividades e accións levadas a cabo a través de folletos,	1.200,00 €



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

			carteis ou medios dixitais. -Organización de xornadas e charlas informativas sobre a implantación de actividades no Val de Barcia e Monte Xalo. -Asesoramento técnico e colaboración co Concello e os seus cidadáns na posible organización de actividades ou actuacións medioambientais	
--	--	--	--	--

Tendo en conta o informe da intervención municipal do 18 de agosto de 2023 que di literalmente o seguinte:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Proposta de modificación da Base 42 das de Execución do Orzamento para 2023, que é o prorrogado de 2021, para a asignación nominativa de subvencións para 2023.

EXPEDIENTE: 2023/X999/000166


NOEMÍ GONZÁLEZ MATO, Interventora del Ayuntamiento de Carral(A Coruña), en relación a la propuesta de la Alcaldía para a modificación da Base 42 das de Execución do Orzamento do Concello de Carral para 2023, que é o prorrogado de 2021, para a sinatura de diversos convenios de colaboración entre o Concello de Carral e diferentes asociacións culturais, medioambientais e deportivas con sede no Concello de Carral, e de conformidade co disposto no artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e desenvolvido no artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emétese o seguinte

INFORME,

PRIMEIRO: A característica fundamental do procedemento de concesión directa é a non esixencia do cumprimento dos principios de publicidade e concorrencia. Iso si, tendo en conta a obrigaçión de publicar a concesión de todas as subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, recollida no artigo 20.8.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e no Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

SEGUNDO.: Por outra banda, en relación coas subvencións nominativas, estas regúlanse no artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LGS), como segue:

«Enténdese por subvención prevista nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado aquela na que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario figuren determinados nos estados de gastos orzamentarios. O obxecto destas subvencións deberá determinarse expresamente no correspondente



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser coherente coa clasificación funcional e económica do crédito orzamentario correspondente.»

Neste senso, o artigo 19.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, establece que poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

6. As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.
7. Aquelas cuxo outorgamento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.
8. Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.


Polo tanto, deben figurar nas Bases de Execución do Orzamento a asignación das subvencións nominativas das mesmas. Tendo en conta que no Concello de Carral rexe o Orzamento prorrogado de 2021, deberá tramitarse, en primeiro lugar, o expediente de modificación da Base 42 das de Execución do Orzamento Prorrogado para a asignación nominativa das subvencións. Este trámite terá, por tanto, a mesma documentación e procedemento que a aprobación do Orzamento, é dicir, aprobación inicial polo Pleno da Corporación, aprobación por un período de quince días hábiles, aprobación definitiva (só deberá volver ao Pleno en caso de terse presentado algunha alegación) e publicación da aprobación definitiva.

Non obstante, este ficheiro de modificación non implica en ningún caso a obriga de realizar a mesma asignación prevista no Orzamento Ampliado, podendo modificar os beneficiarios, suprimir ou incluír algún, podendo modificar ou o seu importe.

A polémica doutrinaria establecida en relación aos efectos da prórroga dos Orzamentos en relación coas subvencións nominativas analízase na Circular 1/2019, do 27 de febreiro, do IGAE, sobre os efectos da prórroga dos Orzamentos Xerais do Estado aprobada. para un exercicio en relación cos créditos integrados neste último relativos a subvencións nominativas. A conclusión da Circular 1/2019 do IGAE é que a concesión dunha subvención nominativa supón a aplicación dun crédito orzamentario expresamente aprobado nun exercicio orzamentario para un determinado beneficiario, por un importe máximo que se concederá, de xeito que os créditos que figuran nos estados de gastos como consecuencia da prórroga deixan de ser nominativos.

Polo tanto, unha vez realizado este trámite de modificación da Base 42 das de Execución do Orzamento para 2021, que rexe no prorrogado de 2023, non que o Pleno aprobe os beneficiarios concretos e a contía máxima que se concederá, poderase tramitar a correspondente autorización de crédito para a concesión de créditos destas subvencións.

É necesario que de forma expresa e con carácter previo a calquera actuación á concesión da subvención, esta inclúase no Plan Estratégico de Subvencións que, á vista do que establece o apartado 2 do artigo 12 do Regulamento 887/2006, de 21 de xullo, ao tratarse de subvencións de concesión directa (nominativa), **pode realizarse mediante a aprobación dunha memoria explicativa dos obxectivos, os custos de realización e as súas fontes de financiamento.**



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

De non ser así, a concesión dunha subvención sen atención á norma reguladora (e polo tanto, o cumprimento da obrigaçión de incluír ditas subvencións no Plan Estratéxico) pode chegar a entenderse como un gasto efectuado sen causa.

TERCEIRO: O crédito necesario para a concesión destas subvencións nominativas consta nas seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO O EXISTENTE	PRESUPOSTO NECESARIO
2023.170.4801 1	Convenios con entidades culturais sen ánimo de lucro	2.400,00 €	1.200,00 €
2023.334.4801 1	Convenios con entidades culturais sen ánimo de lucro	18.600,00 €	12.650,00 €
2023.341.4801 3	Convenios con entidades deportivas sen ánimo de lucro	16.000,00 €	16.000,00 €

CUARTO: Unha vez aprobada a concesión destas subvencións directas, o procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ao que se imputa a subvención, ou a instancia do interesado, e terminará coa resolución de concesión ou coa subscripción dun convenio.


Tanto o acto de concesión como o convenio terán o carácter de bases reguladoras da concesión.

A resolución, ou no seu caso o convenio, deberá incluír os seguintes extremos:

- Definición do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo co disposto na Lei de orzamentos da comunidade autónoma do correspondente exercicio.
 - Crédito orzamentario ao que se lle imputa o gasto e a contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario, se fosen varios.
 - Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
 - Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e pagos a conta, así como o réxime de garantías que, de acordo co disposto neste regulamento, deberán achegar os beneficiarios.
 - Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.
 - Obrigaçión do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
 - Obrigaçión do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Esto é o que teño a ben informar sen prexuízo doutro superior en dereito.”

Visto o informe dos servizos xurídicos municipais do 19 de setembro de 2023 ao respecto e que se transcribe a seguir:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

